

# A Xunta compra parte do patrimonio da Fundación Camilo José Cela

O goberno, que é o titular da Fundación, xustifica a adquisición pola “posibilidade de que a venda dos fondos da Fundación puidese derivar cara a mans privadas”. O comprado marchará a dous museos.

Por Manuel Vilas | Santiago de Compostela | 02/12/2016 | Actualizada ás 08:00



(https://www.facebook.com/sharer/sharer.php?u=http%3A%2F%2Fwww.galiciaconfidencial.com%2Fnoticia%2F42523-xunta-compra-parte-patrimonio-fundacion-camilo-jose-cela)



(https://twitter.com/galiciaconfidencial/status/794111111111111111?url=http%3A%2F%2Fwww.galiciaconfidencial.com%2Fnoticia%2F42523-xunta-compra-parte-patrimonio-fundacion-camilo-jose-cela&text=A%20Xunta%20compra%20parte%20do%20patrimonio%20da%20Fundaci%C3%B3n%20Camilo%20Jos%C3%A9%20Cela%0D%0A%20-%20http%3A%2F%2Fwww.galiciaconfidencial.com%2Fnoticia%2F42523-xunta-compra-parte-patrimonio-fundacion-camilo-jose-cela)0A&related=gconfidencial&via=gconfidencial)



(https://plus.google.com/+GaliciaConfidencial/posts/Abode%20do%20patrimonio%20da%20Fundaci%C3%B3n%20Camilo%20Jos%C3%A9%20Cela%0D%0A%20-%20http%3A%2F%2Fwww.galiciaconfidencial.com%2Fnoticia%2F42523-xunta-compra-parte-patrimonio-fundacion-camilo-jose-cela)



(https://t.me/share?url=http%3A%2F%2Fwww.galiciaconfidencial.com%2Fnoticia%2F42523-xunta-compra-parte-patrimonio-fundacion-camilo-jose-cela)



PUBLICIDADE (/publicidade/)



([http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.php?oaparams=2\\_\\_bannerid=489\\_\\_zoneid=23\\_\\_cb=80f7cdc863\\_\\_oadest=http%3A%2F%2Ft.me%2Fgaliciaconfidencial](http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.php?oaparams=2__bannerid=489__zoneid=23__cb=80f7cdc863__oadest=http%3A%2F%2Ft.me%2Fgaliciaconfidencial))

A Consellería de Cultura acaba de adxudicar á Fundación Pública Galega Camilo José Cela un contrato para a "adquisición de obras de arte e diversos fondos artísticos da Fundación". A Administración Galega pagará máis de 103.000 euros por parte dos fondos da fundación do premio Nobel.



Marina Castaño con Camilo José Cela | [Fonte: libertadigital.com](http://libertadigital.com)

O curioso do asunto é que o presidente do patronato da Fundación é o propio conselleiro de Cultura. É dicir, a Xunta está mercando bens dun ente do sector público -a Fundación- para engordar o fondo patrimonial doutras entidades públicas: o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) de Santiago e o Museo de Belas Artes da Coruña.

### **Fondos dunha fundación pública poden acabar en mans privadas?**

Cales son os motivos do Goberno Galego para realizar esta transferencia? Que parte do patrimonio do escritor está a comprar a Xunta? GC realizou estas preguntas á Consellería de Cultura.

O Goberno Galego sinala que “ante a posibilidade de que a venda dos fondos da Fundación puidese derivar cara a mans privadas, a Comunidade Autónoma estableceu o procedemento de adquisición de fondos de interese para centros artísticos e museísticos de xestión autonómica”.



Camilo José Cela e Manuel Fraga na inauguración da fundación | [Fonte: diariodenavarra](#)

A Consellería non aclara que está a comprar exactamente. Cómpre lembrar que a Fundación posúe un importante catálogo de manuscritos, cartas, cadros regalados ao escritor, fotos e recoñecementos persoais de Cela. Iso si, a Administración asegura que esta compra “levouse a cabo co informe positivo do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais”.

## **A Xunta di que xa abonou a condena pola herdanza**

Tamén hai que ter en conta que a Xustiza condenou á Fundación a pagar máis de 1,18 millóns de euros ao fillo do literato. Camilo José Cela Trulock denunciara porque a última muller do Nobel, a polémica Mariña Castaño, saldara cun simple cadro de Miró a lexítima parte da herdanza. A Xustiza deulle a razón tanto en primeira instancia (2010) como no Supremo (2014). Como consecuencia, a Xustiza condenou á Fundación, e polo tanto á Xunta, a pagar parte desa herdanza lexítima.

Malia que a auditoría da Fundación Pública asegura que a “Fundación decidiu provisionar o importe da condena no exercicio 2010”, o certo é que uns seis anos despois, a 31 de marzo dese ano, non existía constancia do pago. Daquela a auditora da Fundación explicaba que estaba “pendente” a “aprobación do acordo con D. Camilo José Cela Conde”.

Pouco despois, o 12 de maio Cultura anunciaba nunha nota de prensa ([http://www.xunta.gal/notas-de-prensa?p\\_p\\_id=novas\\_portlet&p\\_p\\_lifecycle=0&p\\_p\\_state=exclusive&\\_novas\\_portlet\\_content=%2Fopencms%2FPortal-Web%2FContidos%2FNovas%2Fnova\\_estandar5328.html](http://www.xunta.gal/notas-de-prensa?p_p_id=novas_portlet&p_p_lifecycle=0&p_p_state=exclusive&_novas_portlet_content=%2Fopencms%2FPortal-Web%2FContidos%2FNovas%2Fnova_estandar5328.html)) que chegara a un acordo con Cela Conde. A Fundación comprometía a entregarlle a Casa do Ferrocarril en Padrón “un total de vinte obras”. “Unha relación de bens mobles inclúe dúas táboas góticas e dezanove obras de arte de autores contemporáneos, entre as que destacan unha cera sobre papel de Picasso e dúas acuarelas de Miró”, concretaba o goberno. O acordo, segundo a Xunta tamén prevé que estes bens seguirán na Fundación polo menos dez anos.

## **O inventario non estaba listo esta primavera**

Por último, hai que sinalar que a Fundación, segundo figura nas súas contas de 2015, non tiña completado o seu inventario. A data de 18 de maio, a auditora afirmaba que “a fundación atópase en proceso de re-catalogación e revaloración do seu inventario porque non dispón dun documento definitivo dos mesmos”. A resolución do contrato de compra foi asinado o 2 de novembro.

A Fundación, creada en 1986, era orixinalmente de titularidade privada pero, ante os problemas causados pola polémica xestión de María Castaño, a Xunta decidiu, malia a política de adelgazamento do sector público, asumir a súa titularidade en 2010.



Sede da Fundación Camilo José Cela en Iria Flavia | Fonte: fundación



(https://www.facebook.com/sharer/sharer.php?u=http%3A%2F%2Fwww.galiciaconfidencial.com%2Fnoticia%2F42523-xunta-compra-parte-patrimonio-fundacion-camilo-jose-cela)



(https://twitter.com/galiciaconfidencial) url=http%3A%2F%2Fwww.galiciaconfidencial.com%2Fnoticia%2F42523-xunta-compra-parte-patrimonio-fundacion-camilo-jose-cela&text=A%20Xunta%20compra%20parte%20do%20patrimonio%20da%20Fundaci%C3%B3n%20Camilo%20Jos%C3%A9%20Cela%0D%0A%0A&related=gconfidencial&via=gconfidencial)



(https://plus.google.com/u/0/+GaliciaConfidencial) url=http%3A%2F%2Fwww.galiciaconfidencial.com%2Fnoticia%2F42523-xunta-compra-parte-patrimonio-fundacion-camilo-jose-cela)



(https://www.whatsapp.com/send?text=A%20Xunta%20compra%20parte%20do%20patrimonio%20da%20Fundaci%C3%B3n%20Camilo%20Jos%C3%A9%20Cela%0D%0A%20-%20http%3A%2F%2Fwww.galiciaconfidencial.com%2Fnoticia%2F42523-xunta-compra-parte-patrimonio-fundacion-camilo-jose-cela)



(https://t.me/share/url?url=http%3A%2F%2Fwww.galiciaconfidencial.com%2Fnoticia%2F42523-xunta-compra-parte-patrimonio-fundacion-camilo-jose-cela)

PUBLICIDADE (publicidade/)



([http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.php?oaparams=2\\_\\_bannerid=752\\_\\_zoneid=24\\_\\_cb=e98a583e70\\_\\_oadest=https%3A%2F%2Fwww.afundacion.org%2Fga%2Fagenda%2Fevento%2Fexposicion-miic2-mostra-internacional-de-ilustracion-contemporanea%3Futm\\_source%3Dgaliciaconfidencial%26utm\\_medium%3Dbanner%26utm\\_campaign%3DMiic](http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.php?oaparams=2__bannerid=752__zoneid=24__cb=e98a583e70__oadest=https%3A%2F%2Fwww.afundacion.org%2Fga%2Fagenda%2Fevento%2Fexposicion-miic2-mostra-internacional-de-ilustracion-contemporanea%3Futm_source%3Dgaliciaconfidencial%26utm_medium%3Dbanner%26utm_campaign%3DMiic))

¿Gústache esta noticia?

Colabora para que sexan moitas máis activando GCplus

[+ Que é GC plus? \(/introgcplus/\)](#)

Achegas   (/achegas/)

## Comenta

### Texto

¿Queres deixar un comentario?

## Comentarios

6 comentarios

### 3 galegoexiliado

[➔ respóstalle](#)

Cos cartos que levan fundidos en esa Fundación poderíanse encher de libros bibliotecas en todos os pobos e escolas da Galiza, igual co que levan despilfarrado na Cidade do Despilfarro, ao que podemos engadir os centos de chiringuitos e fundicions ao servicio do PPartido e dos seus amigos, militantes e familiares. Pero bueno, é o que os galegos votan masivamente, pa cultura xa temos a telegaita, pa qué queremos libros.

### 2 Estralampa

[➔ respóstalle](#)

Os milloes de euros dos galegos que leva metidos a Xunta a maior gloria dum feixista que carecente de mérito algum como literato ou como persoa, que só medrou na capital de Hespanha como colaborador do regime ditatorial e delator dos artistas, e que nunca nada fixo por Galiza mais que dar pé a um rabancho de parasitos sociais.

### 1 Sariña de Oia

Cela gañou un Nobel e centos de miles de persoas disfrutamos dos seus libros, ¿sabemos menos ca ti de literatura acaso? ¿o mundo espera ansioso pola túa seguinte obra literaria? ¿Non? Pois xa podes ir ao bar a queixarte, que polo menos alí, mentras pagues finxirán que lles importa a túa opinión.

### 2 Ana

Sariña, non sei se o Estralampa é literato, nin me importa. Semella que non lle presta o Cela, e a ti si, non deixan de der dúas opinións subxectivas. Que recibiu grandes premios, xa sabemos como e a quen agradecen (Obama, o Nobel da Paz, podemos rir!). Que se centos de miles de seguidores, non hai distancia histórica para valorar, e si para lembrar: os centos de miles de censurados polos servidores do fascismo (Cela entre eles). Non hai estética que o tape!

### 3 Sariña de Oia

Ana, eu alporiceime porque un ninguén (literariamente falando) di que Cela non tiña talento cando a súa obra ten recoñecementos nacionais e internacionais, nada máis. O que fixera Cela para gañarse a vida no pasado tanto me ten, a min só me impórta como artista...

## 1 negociete

[➔ respóstalle](#)

o mellor están lavando cartos, e un-ha operación xunteira moi digna... moi digna de xente tipo URDANGAMANGARIN, a saber que están facendo cos cartos e a que petos ilustres están indo parar, moito da obra de canino jose cerda non vale moito era moi monoarquico e dereitista, tamen caeu en expañol, e tiña un diccionario erotico que non produciría priapismo nin un sexópata... lamentable decisión da untada da malicia de frijoles que estraga os cartos en tonterías namentras as necesidades sociais e as familias que non chegan a fin de mes suben o paro e grande as familias están na miseria e desesperación... a autentica relación do gobernó no e coa cultura sinon co tociño...

## Últimas noticias: Cultura (/seccion/cultura)

- 'Elisa e Marcela', a película sobre a primeira voda gay en España, estréase este mércores en Berlín (</noticia/85835-elisa-marcela-pelicula-primeira-voda-gay-espana-estrease-mercores-berlin>)
- A Deputación de Lugo promociona máis de 800 quilómetros de Camiños de Santiago por terras lucenses (</noticia/85807-deputacion-lugo-promociona-800-quilometros-caminos-santiago-terras-lucenses>)
- A galega, cuarta lingua en edición de libros (</noticia/85764-galega-cuarta-lingua-edicion-libros>)

- A fadista Cristina Branco e a Real Filharmonía de Galicia actuarán xuntos nun programa dedicado ao fado (/noticia/85729-fadista-cristina-branco-real-filharmonia-galicia-actuaran-nun-programa-dedicado-fado)
- A "patada visual" á arte dun pintor galego-catalán chega a Santiago (/noticia/85712-patada-visual-arte-dun-pintor-galego-catalan-chega-santiago)
- A meiga Lola: "No tempo no que non había cuarteis da Garda Civil, as meigas eran axentes de paz" (/noticia/85714-meiga-lola-tempo-habia-cuarteis-garda-civil-meigas-axentes-paz)

PUBLICIDADE (/publicidade/)



([http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.php?oaparams=2\\_\\_bannerid=805\\_\\_zoneid=25\\_\\_cb=5f8f116b33\\_\\_oadest=http%3A%2F%2Fpmom.santiagodecompostela.gal%2F](http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.php?oaparams=2__bannerid=805__zoneid=25__cb=5f8f116b33__oadest=http%3A%2F%2Fpmom.santiagodecompostela.gal%2F))


PUBLICIDADE (/publicidade/)



([http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.php?oaparams=2\\_\\_bannerid=822\\_\\_zoneid=28\\_\\_cb=f47c90c36e\\_\\_oadest=http%3A%2F%2Fmellorasnobus.gal](http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.php?oaparams=2__bannerid=822__zoneid=28__cb=f47c90c36e__oadest=http%3A%2F%2Fmellorasnobus.gal))

PUBLICIDADE (/publicidade/)





([http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.php?oaparams=2\\_\\_bannerid=744\\_\\_zoneid=29\\_\\_cb=39726965c4\\_\\_oadest=https%3A%2F%2Fwww.depo.gal%2Fmulleres-en-accion-violencia-zero-2018-2019](http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.php?oaparams=2__bannerid=744__zoneid=29__cb=39726965c4__oadest=https%3A%2F%2Fwww.depo.gal%2Fmulleres-en-accion-violencia-zero-2018-2019))

+lidas    +comentadas    comentarios

- › Un médico a unha neofalante na consulta... (/noticia/85708-medico-neofalante-consulta)
- › A empresa dos helicópteros antiincendios... (/noticia/85711-empresa-helicopteros-antiincendios)
- › Campaña de adoutramento? O 'lobby'... (/noticia/85562-campana-adoutramento-lobby)
- › A prensa galega minimiza a defensa da... (/noticia/85618-prensa-galega-minimiza-defensa)
- › Reivindican a dobraxe ao galego do filme... (/noticia/85688-reivindican-dobraxa-galego-filme)
- › Críticas a Feijóo por ir de... (/noticia/85577-criticas-feijoo-ir)

PUBLICIDADE (/publicidade/)



([http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.php?oaparams=2\\_\\_bannerid=283\\_\\_zoneid=30\\_\\_cb=30ffa564a1\\_\\_oadest=https%3A%2F%2Fwww.xerais.gal%2F](http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.php?oaparams=2__bannerid=283__zoneid=30__cb=30ffa564a1__oadest=https%3A%2F%2Fwww.xerais.gal%2F))

PUBLICIDADE (/publicidade/)



([http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.php?oaparams=2\\_\\_bannerid=597\\_\\_zoneid=44\\_\\_cb=119182a0e7\\_\\_oadest=http%3A%2F%2Fflugoxornal.gal](http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.php?oaparams=2__bannerid=597__zoneid=44__cb=119182a0e7__oadest=http%3A%2F%2Fflugoxornal.gal))

(/)

© GC 2019

Séguenos



(https://www.facebook.com/galiciainformacion) (https://twitter.com/galiciainformacion) (https://www.linkedin.com/company/galiciaconfidencial) (https://www.youtube.com/channel/UCi00F5b0rj1n) (https://www.youtube.com/channel/UCi00F5b0rj1n)

**Quen somos (/quensomos/)**

**RSS**

(https://static.galiciainformacion.com/rss2/xeral.rss)

**Legal (/legal/)**

**Política de cookies (/cookies/)**

**Achegas (/achegas/)**

**Publicidade (/publicidade/)**



Seguir a @gconfidencial

22,5 mil seguidores

(http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

GC está baixo licenza Creative Commons Recoñecemento-NonComercial-CompartirIguual 4.0 (https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/).